

Preguntas frecuentes Koha-Bescolares



Que é Koha?

Quen desenvolve Koha?

Que é Koha-Bescolares?

Que vantaxes ofrece Koha-Bescolares fronte a outros programas de xestión bibliotecaria?

Que significa que todas as bibliotecas traballemos nun catálogo único?

Cando fará a migración o meu centro educativo?

Que debo saber sobre o proceso de migración?

Pódese ter Koha sen agardar pola migración?

Vou recibir formación en Koha-Bescolares?

Podo ver como é Koha-Bescolares e o seu funcionamento?

Teño máis dúbidas. Con quen debo contactar?

Que é Koha?

Koha é un dos Sistemas Integrados de Xestión de Bibliotecas máis avanzados que existen -e o primeiro desenvolvido con software libre- que facilita a xestión de calquera tipo e tamaño de biblioteca ao mesmo tempo que lle permite dar un salto cualitativo en prestacións e servizos ás súas persoas usuarias.

Koha foi creado en 1999 en Nova Zelandia. [Koha](#), pronunciado con h aspirado, é unha palabra maorí que significa *agasallo, doazón*.

Quen desenvolve Koha?

Unha gran comunidade de programadores e bibliotecarios de todas as partes do mundo participan no seu desenvolvemento e o seu deseño é alleo a calquera intención comercial ou corporativa.

Que é Koha-Bescolares?

Koha-Bescolares é unha versión do Koha orixinal adaptado ás necesidades das bibliotecas escolares galegas.

Que vantaxes ofrece Koha-Bescolares fronte a outros programas de xestión bibliotecaria?

A diferenza doutros programas de xestión bibliotecaria que se veñen utilizando nas bibliotecas escolares, Koha é un sistema baseado na web que garantiza a súa operatividade a través da maioría de navegadores, polo que pode utilizarse dende diferentes sistemas operativos e múltiples dispositivos. É por iso que non necesita instalación previa: pode accederse a través da web dende calquera ordenador (ou outro dispositivo) con acceso a internet.

Permite, ademais, traballar con varias pestanas abertas e proporciona moitas ferramentas que outros programas de xestión bibliotecaria non permitían (por exemplo, a creación e exportación de lotes de etiquetas, de listaxes públicas e/ou privadas, de boletíns, a creación e xestión de mochilas viaxeiras e outras ferramentas adicionais).

Axiliza, por outra banda, os préstamos e devolucións grazas a un sistema de identificación dos fondos mediante códigos de barras únicos.

Simplifica tamén o proceso de catalogación derivada, poñendo a disposición da persoa usuaria un catálogo único, no que buscar un rexistro catalográfico e incorporalo á nosa biblioteca é moi sinxelo e rápido.

Que significa que todas as bibliotecas traballemos nun catálogo único?

En Koha os rexistros bibliográficos conteñen a información relacionada co material catalogado. Estes datos inclúen información como título, autoría, ISBN, descrición física etc., e todas as persoas usuarias poden acceder a ese repositorio de rexistros. Unha vez o rexistro bibliográfico está creado e gardado, pódense engadir os exemplares asociados á nosa biblioteca.

Cando fará a migración o meu centro educativo?

Está prevista a migración de todas as bases de datos de Meiga a Koha-Bescolares dos centros PLAMBE nos próximos cursos. A Asesoría de Bibliotecas Escolares contactará cos centros que van acometer o proceso de migración nas seguintes fases con tempo suficiente para organizar o traballo. O proceso vaisea cometendo por fases, e por orde de antigüidade no programa Plambe, dos centros máis antigos aos máis recentes.

Que debo saber sobre o proceso de migración?

O proceso de migración dende a base de datos de Meiga comeza cunha análise previa desta por parte do persoal técnico que a vai desenvolver e que estará en contacto coa persoa responsable da biblioteca (ou outro membro do equipo no que delegue) para resolver calquera dúbida ou cuestión que poida xurdir.

Despois procédese á revisión e posible corrección dos rexistros Meiga que así o precisen.

Por último iníciase a colocación dos códigos de barras nos exemplares migrados. Non se trata dunha tarefa urxente que teña que facerse nunhas poucas semanas ou meses. Aos fondos documentais catalogados con anterioridade ao proceso de migración pódenselle ir pegando os códigos de barras, por exemplo, cando eses fondos se prestan/devolvan, ou ben acometer esa tarefa por seccións... Ese proceso levarase a cabo como e cando o equipo de biblioteca estime máis oportuno.

Cando se cataloga un novo exemplar en Koha, imprímese e colócase a pegatina coas sinaturas no lombo do libro (tal e como se viña facendo ao catalogar con calquera outro programa de xestión bibliotecaria) e, a maiores, tamén se imprime e coloca o código de barras que identifica ese ítem/exemplar.

Pódese implementar Koha sen agardar pola migración?

Os centros teñen a opción de solicitar Koha sen agardar á migración da base de datos de Meiga. Nese caso falamos de solicitar Koha 0, xa que a base de datos que teñamos da nosa biblioteca non vai ser migrada senón que os exemplares terán que ser incorporados no catálogo desde cero e de xeito manual. Esta opción é a que pode interesar a centros que teñan poucos exemplares no seu catálogo ou non os teñan ben organizados e catalogados.

Vou recibir formación en Koha-Bescolares?

Á persoa responsable da biblioteca escolar facilítaselle un curso de formación na plataforma Platega polo que se emite unha certificación de 50 h. Neste curso, organizado en varios módulos, abárcanse os contidos necesarios para desenvolver as actuacións do día a día na biblioteca: buscas de fondos bibliográficos, xestión de persoas usuarias, xestión da circulación dos fondos, catalogación directa e derivada, creación de etiquetas...

A maiores, as persoas técnicas que realizan a migración ofrecen webinars formativos aos que poden asistir, se así o desexan, tanto a persoa responsable da biblioteca como o resto do equipo de apoio.

Podo ver como é Koha-Bescolares e o seu funcionamento?

Podes atopar máis información sobre Koha-Bescolares, manuais, guías rápidas, videotutoriais e webinars no [portal web](#) da Asesoría de Bibliotecas Escolares de Galicia.

Teño máis dúbidas. Con quen debo contactar?

Se precisas calquera outra aclaración podes contactar coa Asesoría de Bibliotecas Escolares:

 981546547

 asesoria.bibliotecas@edu.xunta.gal